

IES CONCEPCIÓN ARENAL

PROGRAMACIÓN DE ITALIANO

2022 -23



PROFESORA: Ana I. Vizoso Benavente

PROGRAMACIÓN DE 2º DE BACHARELATO

1. INTRODUCCIÓN.
2. OBXECTIVOS.
3. METODOLOXÍA.
4. COMPETENCIAS.
5. CONTIDOS.
 - 5.1. CONTIDOS NOCIONAIS E FUNCIONAIS
 - 5.2. CONTIDOS GRAMATICAIS
 - 5.3. CONTIDOS LÉXICOS
 - 5.4. CONTIDOS CULTURAIS
 - 5.5. CONTIDOS FONÉTICO-ORTOGRÁFICOS
 - 5.6. CONTIDOS MÍNIMOS
6. TEMPORALIZACIÓN
7. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
8. MATERIAL DIDÁCTICO
9. AVALIACIÓN.
10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
11. TRATAMENTO TRANSVERSAL DE EDUCACIÓN EN VALORES
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
13. PLAN LECTOR ANUAL
14. EMPREGO DAS TIC
15. INDICADORES DE LOGRO E AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

PROGRAMACIÓN 2º DE BACHARELATO

1. INTRODUCCIÓN

O segundo curso de Italiano como lingua optativa enténdese como unha continuación do aprendido no ano anterior, buscando á vez a consolidación dos coñecementos conseguidos e a adquisición doutros novos progresivamente máis complexos.

A competencia lingüística deste curso ten que ir do nivel elemental ao nivel medio-superior. A ordenación da materia será fundamentalmente comunicativa, buscando un equilibrio entre a fluidez da expresión e a corrección gramatical.

Por outra banda, enriquecerase a formación intelectual xeral do alumno, toda vez que o estudio dunha lingua non se pode separar do contexto cultural no que se emprega.

2. OBXECTIVOS

- Avanzar na comprensión e interpretación de textos de distintos rexistros socio-lingüísticos, así como na produción de textos orixinais.
- Consegur soste unha conversa suficientemente fluída sobre temas de interese xeral en situacións cotiás.
- Conducir aos estudantes a un maior control do seu proceso de aprendizaxe, cara a unha verdadeira e propia autonomía. Os estudantes deben entender que están afrontando e por qué, teñen que ter claras as súas necesidades en termos de obxectivos comunicativos a alcanzar, pero tamén en termos de elementos de morfosintaxe nos que sintan que deben de profundar, revisar ou practicar. Sempre que sexa posible, desenvolverán igualmente a capacidade de autoobservación e autocorrección.
- Ampliar o coñecemento acerca da realidade cultural italiana.

3. METODOLOXÍA

É importante a referencia que constitúe o curso anterior á hora de encarar este segundo nivel. Teranse en conta as particularidades e intereses dos alumnos, todos xa coñecidos, así como o éxito, maior ou menor, de anteriores experiencias.

Insistirase nos problemas gramaticais nos que o índice de erros resultaba máis elevado: o uso das preposicións, os pronomes persoais, a elección do auxiliar verbal no pretérito perfecto, etc...

Como praxe fundamental é útil que, cando os estudantes se equivoquen, non sexa o ensinante quen lles indique no momento a solución axeitada e quen lles proporcione a eventual explicación, senón que, nun primeiro momento, se limite a facer notar o erro a fin de que sexan os propios alumnos os que traten de corrixilo e aclaralo.

Outro dos principios básicos é tratar de vincular o máis posible a dinámica das leccións coa realidade da vida e cos usos que comunmente se fan da linguaxe. Hai que preparar ao alumnado para reaccionar de modo natural ante situacións reais, axudándoo a tomar conciencia do funcionamento da lingua.

Débese situar ao alumno no centro do proceso aprendizaxe-ensinanza, coas súas esixencias, as súas ideas, a súa historia persoal, a súa relación co grupo... Inténtase lograr un alto nivel de motivación, implicándoo en actividades comunicativas que o estimulen a nivel intelectual e afectivo, asegurando así unha atmosfera distendida e cordial na clase.

4. COMPETENCIAS

1. Competencia lingüística.

Ao longo do nivel básico intentarase implicar o alumnado en situacións comunicativas cotiás para que, servíndose das súas experiencias previas, desenvolva as competencias humanas que contribúen a un maior desenvolvemento da capacidade comunicativa.

O estudo dunha lingua estranxeira forma esta competencia dende o momento que implica a utilización do linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento y de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

2. Competencia da conciencia e experiencia cultural.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é inseparable dunha serie de aspectos que denominamos, en termos xerais, “cultura”. Estes contidos non se constituirán en ningún caso en temas illados, senón que serán tratados ao fío dos contidos comunicativos que comporta o estudo da lingua. Neste sentido, no nivel básico afrontaranse aspectos xerais da vida cotiá nos seu diversos ámbitos, as convencións sociais e as fórmulas de cortesía, as condicións de vida (a casa, o traballo, a sanidade...), os servizos públicos, as relacións persoais, os valores, crenzas e actitudes. Tamén se abordarán contidos como a linguaxe corporal e os sons paralingüísticos, aspectos estes especialmente relevantes no estudo do italiano.

3. Outras competencias

O estudio dunha lingua como porta de acceso a unha cultura inflúe positivamente tamén na competencia social e cívica, pois contribúe ao coñecemento da realidade doutro país, podendo así apreciar as similitudes e diferenzas coa do país no que vivimos, e posibilitando así unha mirada máis ampla e plural sobre os distintos trazos constitutivos dunha sociedade.

O feito de realizar traballos de procura de información noutra lingua, e de comunicar esa información oralmente ou por escrito nas clases, está en relación directa coa competencia dixital.

O proceso de familiarización e adquisición dunha lingua distinta da materna facilita que xurdan estratexias de aprendizaxe encamiñadas á primeiro á memorización pero despois á interiorización e automatización de estruturas lingüísticas diversas, incidindo na competencia de aprender a aprender.

O gusto pola precisión e a claridade, a procura de apropiación ao contexto, o uso correcto das distintas partes da gramática dunha lingua, o método de ensaio e error -hai que perder o medo a equivocarse, dos erros apréndese moito- forman parte da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

O uso dunha lingua ten un compoñente social que obriga a relacionarse, cooperar e traballar en equipo, expoñendo as propias ideas e negociando en casos de conflito. É necesario ter capacidade para imaxinar, planificar, argumentar, avaliar, resolver problemas, tomar decisións ... todas estas accións amosan o emprego da competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Contidos nocionais e funcionais

Falar da propia familia
Describir unha fotografía
Expresa-la posesión
Falar dos recordos da infancia
Describir situacións e costumes do pasado
Argumentar a favor ou en contra de calquera cousa
Describi-lo físico e o carácter dunha persoa
Facer suposicións e propostas
Dar consellos
Facer unha proposta e unha contraproposta
Aceptar ou rexeitar unha proposta xustificando a propia decisión
Conta-lo que sucedeu nun determinado momento do pasado
Citarse con alguén
Pedir un favor
Conta-lo sucedido durante unhas vacacións
Expresar sorpresa e disgusto
Dar consellos
Expresa-las propias necesidades
Falar da comida e das propias costumes alimentarias
Escribir unha receita
Facer reservas por teléfono
Escribir un xornal dunha viaxe
Falar de problemas de saúde
Describi-los síntomas dunha enfermidade
Dar consellos e explicacións fronte a unha doenza
Falar da actividade física
Intentar convencer a alguén para que faga ou deixe de facer unha cousa
Falar do futuro
Expresar desexos e intención
Redactar una carta pedindo traballo
Expresar suposicións e condicións
Falar do traballo e das condicións de traballo
Escribir un *Curriculum Vitae*
Expresar necesidades e desexos
Describir unha casa
Facer suposicións e xustificalas

Argumentar a favor ou en contra de calquera cousa

Contidos gramaticais

Adxectivos posesivos
Superlativo relativo
O *passato prossimo* dos verbos reflexivos
Formas e usos do imperfecto

Locucións temporais co imperfecto
Uso do imperfecto / *passato prossimo* (I)
O verbo *fare*
Uso transitivo e intransitivo de *cominciare* e *finire*
O comparativo (*come* / *quanto*)
Formas e usos do condicional presente
Qualcuno / *nessuno*
Stare + xerundio
Ce l'ho
Os pronomes directos co *passato prossimo*
A posición dos pronomes co infinitivo
Os pronomes relativos *che* e *cui*
Imperfecto nas peticións e nas intencións
Nessuno + substantivo
Volerci
O imperativo afirmativo e negativo da 2ª persoa do singular
A posición dos pronomes co imperativo
Servire
O imperativo afirmativo e negativo coas persoas da cortesía
A posición do pronome co imperativo de cortesía
O comparativo e superlativo de *buono* e *bene*
O futuro simple
Verbos que rexen obxecto directo e indirecto
A partícula *ne*
O período hipotético da realidade (*se* + presente e futuro)
O presente do subxuntivo
O uso do subxuntivo para expresa-la necesidade, a esperanza e a propia opinión
As formas de *bello* e *quello*
Comparativos e superlativos

Contidos léxicos

O dominio dunhas 2.000 palabras relacionadas coas funcións e situacións consideradas no método e nas lecturas deste curso así como o do ano anterior, incluíndo unha ampla marxe de vocabulario personalizado en función das necesidades e da curiosidade que cada alumno mostre por separado. Na produción, o uso axeitado das palabras máis frecuentes e necesarias para falar das situacións, funcións, contidos socioculturais, etc. descritas nos distintos apartados anteriores.

Contidos culturais

A familia
Relacións e rituais sociais
Emigración e inmigración
As vodas e os agasallos
Recordos da infancia
O mundo dos animais
O horóscopo
Actividades do tempo libre
Os museos e as librerías en Italia

As viaxes
 Aspectos xeográficos da península italiana
 A gastronomía italiana
A trattoria, a pizzeria, a tavola calda e o ristorante
 A saúde e a medicina alternativa
 O mundo do traballo
 Os deportes
 Os mobles e a decoración
 As festas e tradicións

Contidos fonéticos

- Discriminación das consonantes dobres
- O apócope.
- O reforzo das consonantes: a fonética sintáctica
- Contraste consonantes sordas / sonoras
- Entonación, especialmente unidade tonal e núcleo

Contidos mínimos

Son os fixados no apartado cinco da presente programación.

O alumno deberá expresarse oralmente e por escrito cun mínimo de corrección nas diversas situacións comunicativas plantexadas na clase e especificadas no programa.

O alumno deberá amosar un comportamento e unha actitude positivas en relación coa materia.

6. TEMPORALIZACIÓN

1º trimestre	Contidos da unidade 7 e 8 do libro do ano anterior e 0,1 do libro de texto deste curso.
2º trimestre	Contidos das unidades 3, 4, 5
3º trimestre	Contidos das unidades 6,7 e 8

A periodización é aproximada.

7. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a b c f	B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. ▪ Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. ▪ Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, 	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis	SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o	CCL CAA CSC CCEC

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>información esencial e puntos principais).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. ▪ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). ▪ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). ▪ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos os seus elementos.</p> <p>B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<p>relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>B1.5. Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre temas coñecidos e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.</p>	<p>que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p> <p>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</p> <p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos</p>	<p></p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.	
			SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.	CCL CAA CSC CCEC CD
Bloque 2. Producción de textos orais				
a b c f	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Planificación: Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. ▪ Execución: Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto 	<p>B2.1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.</p> <p>B2.2. Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo abstractos, como películas, música, libros, etc.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en</p>	<p>SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.</p>	CCL CAA CSC CCEC
			<p>SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
			<p>SLEB2.3. Participa adecuadamente en</p>	CCL CAA

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou reformulación dun termo ou expresión.</p> <p>Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.</p> <p>Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalación de obxectos, usando deícticos ou realizando accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>B.2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B.2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>	<p>situacións de comunicación habituals, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</p> <p>B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</p> <p>B2.5. Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz.</p>	<p>conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</p> <p>SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiáns e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p> <p>SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e</p>	<p>CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.	
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a b c f	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. ▪ Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). ▪ Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). ▪ Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. ▪ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. ▪ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.</p> <p>B3.4. Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.</p> <p>B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou</p>	<p>SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	CCL CAA CSC CCEC
			<p>SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
			<p>SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).</p>	CCL CD
			<p>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características</p>	CCL CCEC CAA CSC

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		neuro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.	do lugar e o tempo en que se desenvolven. SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	CCL CD CAA
			SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadia de estudos no estranxeiro).	CCL CCEC CD
			SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.	CCL CD CSC CAA
Bloque 4. Producción de textos escritos				
a b c f	B4.1. Estratexias de produción: ▪ Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repassar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).	B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou	CCL CD CSC

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>▪ Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</p> <p>▪ Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coitada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.</p> <p>B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a</p>	<p>versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.</p> <p>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate.</p> <p>B4.4. Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.</p> <p>B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.</p>	<p>feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</p> <p>SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos</p>	<p></p> <p>CCL CD CAA</p> <p>CCL CD CAA</p> <p>CCL CCEC CD CSC</p> <p>CCL CCSC CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	bibliografía; e prestando atención ás estruturas sintáctico-discursivas que adoitan predominar neste tipo de texto (subordinacións relativas, finais, causais, etc.).		nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.	
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
a b c f p	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Sons e fonemas vocálicos. ▪ Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. ▪ Procesos fonolóxicos máis básicos. ▪ Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Uso das normas básicas de ortografía da palabra. ▪ Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. ▪ Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes relevantes). ▪ Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente. ▪ Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua 	<p>B5.1. Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.</p> <p>B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>estranxeira e o noso.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. ▪ Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ Recurso aos coñecementos e ás experiencias lingüísticas noutras linguas que coñece (patróns discursivos para a organización e ampliación ou restructuración da información; elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso, facer progresar o tema, etc.). <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. ▪ Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. ▪ Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. ▪ Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. ▪ Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. ▪ Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. ▪ Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así 	<p>desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumíla.</p> <p>B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.</p>		

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>como os seus contrarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios, etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde; educación; compras e actividades comerciais; bens e servizos básicos; contorno (clima, campo, cidade e lugares máis representativos); tecnoloxía (aparells de uso cotián), e e calquera outro que se considere de interese. ▪ Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais. <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			

Contidos sintáctico-discursivos

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*inoltre, (e) pure*); disxunción (*altrimenti*); oposición (*comunque*); causa (*poiché*); concesiva (*anche se, malgrado, benché*); finalidade (*da + Inf, affinché*); condición (*se, nel caso che*); comparación (*più / meno (che); (così)... come; il più / il meno ... (di/tra); meglio/peggio (di)*); resultado / correlación (*perciò, sia...sia/che*); estilo indirecto (*informazione riferita, consigli, ordini, offerte; promesse*).
- Relacións temporais (*dopo (+Inf. composto), finché*).
- Afirmación (*frasi dichiarative affermative; frasi impersonali, si passivante*).
- Exclamación (*Come /Quanto + frase (p.es. come sei dolce!); interiezioni (p.es. ops!)*).
- Negación (*frasi dichiarative negative con avverbi e quantificatori negativi (né...né, più)*).
- Interrogación (*totali; parziali introdotte da avverbi e pronomi e aggettivi interrogativi (p.es. fino a quando); eco (p.es. dove non sei mai andato?); orientate (p.es. non credi?)*).
- Expresión do tempo (presente (*presente*); pasado (*imperfetto, perfetto composto*); futuro (*futuro semplice*)) e do aspecto (puntual (*tempi semplici*); durativo (*presente e imperfetto; perfetto composto (+Avv.)*); habitual (*tempi semplici e perfetto composto (+Avv.)*); iterativo (*imperfetto + Avv.*); incoativo (*essere sul punto di+Inf.*); terminativo (*presente storico, terminare di+ Inf.; tempi composti (+Avv.)*).
- Expresión da modalidade (factualidade (*frasi dichiarative affermative e negative*); capacidade (*(non) essere bravo a + Inf.*); posibilidade (*futuro semplice, condizionale semplice; verbi, sostantivi e aggettivi che esprimono opinione, dubbio, attesa, apparenza + cong*); necesidade

(*volerci*); intención (*imperfetto e condizionale semplice di verbi volitivi + Inf.*).

- Expresión da existencia (*p.es. potrebbe esserci*); a entidade (*nomi contabili / massa / collettivi/composti; pronomi (relativi, riflessivi, tonici); determinanti*); a calidade (*p.es. portato per le lingue*).
 - Expresión da cantidade (*numero: singolare/plurale; numerali cardinali, ordinali, collettivi (p.es. secolo), moltiplicativi (p.es. triplo) e frazionari (p.es. un quarto). Quantità: p.es. diverso; grado: p.es. piuttosto stanco.*
 - Expresión do espazo (*preposizioni, avverbi ed espressioni che indicano luogo, posizione, distanza, movimento, direzione, origine e disposizione*).
 - Expresión do tempo (*l'ora (p.es. alle 17 ore e quarantacinque)*); *divisione (p.es. al tramonto) e collocazione nel tempo (p.es. nel ventesimo secolo)*; *durata (p.es. in un quarto d'ora, è da... che)*; *anteriorità (p.es. qualche mese prima)*; *posteriorità (p.es. il giorno successivo)*; *contemporaneità (p.es. intanto)*; *sequenza (p.es. inoltre.. poi... infine)*; *intermittenza (p.es. ogni volta)*; *frequenza (p.es. raramente)*.
- Expresión do modo (*avverbi ed espressioni di modo: p.es. volentieri*)

8. MATERIALS DIDÁCTICOS

As actividades interactivas orais terán un peso fundamental no curso. Nestas actividades, que buscan conseguir fluidez na expresión e propiedade no uso da linguaxe e no emprego de léxico temático, é primordial a disposición do estudante, que debe ser de tranquilidade e apertura; por iso o ensinante non o interromperá con continuas correccións, deixando estas para o final.

Especificando un pouco, poderíamos distinguir a seguinte tipoloxía de actividades:

- a) Intercambio de informacións persoais que atinxen ao alumno en primeira persoa referentes á esfera afectiva, experiencias, gustos en relación a libros, música, cine, viaxes, etc...
- b) Debates e discusións, a miúdo formando dous grupos enfrontados “pro” e “contra” dun determinado argumento.
- c) Actividades de simulación nas que o discente debe asumir un papel determinado.

En canto a produción escrita, para a ensinanza da gramática recorrerase a exercicios específicos. O alumno tamén continuará cos textos, se ben sinxelos, de produción autónoma. Como temas utilizaranse os relativos ao argumento das leccións, temas de opinión ou temas para os que se necesite o uso da fantasía (relatos, viñetas co texto para completar...).

Para as actividades destinadas a escoitar a lingua falada, utilizaranse a miúdo ás gravacións, a fin de evitar que os alumnos teñan o oído habituado unicamente á voz do profesor. Estas gravacións serán de persoas que non traballen como locutores profesionais, porque co seu acento “estándar” se neutralizan as inflexións rexionais.

Optarase pola presentación dunha pronunciación de nivel cultural medio-alto, sen excluír algunhas variantes rexionais do acento, sempre que a lingua sexa o italiano común, libre de léxico dialectal.

Ampliarase o espectro de textos utilizados para a lectura e os textos literarios terán maior cabida que no ano precedente. Os autores elixidos serán todos contemporáneos.

Constantemente retomarase o que foi tratado anteriormente, tanto en cada unha das leccións como ao longo do curso. Este progresivo e continuado emprego de “pequenas doses” busca unha asimilación profunda dos contidos.

Distribuiranse fotocopias de vocabulario estruturado por temas para ampliar e mellorar a capacidade expresiva e argumentativa oral e escrita.

1. Al dente 2. Birello, Marialuisa;Bonafaccia,Simone et alii.

O libro correspondese co nivel A2 dentro do marco común europeo de referencia para as linguas.

2. Outros libros utilizados:

- DU BESSÉ Percorso guidato. Guida di Firenze con attività ad esercizi. Bonacci editore.
- ROSSELLA BOZZONE. Viaggio nell'italiano. Loescher editore. Torino, 1995.
- L'italiano? Sì, grazie. Volumen 1, 2 e 3 (European language institute). Tecnostampa.
- BATTAGLIA. Gramática italiana para estudiantes de habla española. Bonacci editore.
- V.V.A.A.Letture in gioco.Attività e giochi per leggere in italiano.Alma edizioni.Firenze,2003
- LOMBARDO / NOSEGNO / SANGUINETTI. L'italiano con i fumetti. Guerra edizioni. Perugia, 2003.
- ANNA IGNONI. Primi piani sugli italiani. Guerra edizione. Perugia, 2002.
- SARO MARRETTA. Pronto, commissario? Lettura italiana per stranieri. Bonacci editore. Roma, 1996.
- MARIN, T. La prova orale1. Edizioni Edilingua, 2000.
- STEFANCICH, GIOVANNA.Quante storie!Bonacci editore, Roma 2005.
- SILVESTRINI, MARCELLO,CILIBERTO, CLELIA,FERRETI, MARGHERITA, FILIPUCCI,LAURA.Dai, prova!Guerra edizioni,Perugia, 2007.

3. DVD do libro de texto

4. DVD. Frgmentos de algunha destas películas:

- Il Ciclone.1993. Regia di Leonardo Pieraccioni.
- l'Ultimo bacio. Regia di Daniele Mucino.
- La finestra di fronte. Regia di Ferzan Ozpetec.
- Io non ho paura. Regia di Gabriele Salvatores.
- Gomorra. Regia di Matteo Garrone.
- Cinema paradiso, Regia di Giuseppe Tornatore

5. Gravacións de radio.

6. Música italiana sexa de cantautores representativos (Guccini, Vecchioni, Dalla, Capossela...) sexa de cantantes e grupos rock ou lixeiros (Maneskin, Pausini, Ramazzotti, Nek, Fedez, Giusy Ferreri, Rocco Hunt...)

7. Xornais e revistas.

8. Contos e fragmentos literarios.

9. Xogos.

9. AVALIACIÓN

9.1.Criterios xerais.

A avaliación irá enfocada cara dúas direccións.:

-Avaliación cara ao alumnado: Valorar se os alumnos e alumnas conseguiron cumprir os obxectivos prefixados.

-Avaliación cara ao proceso ensinanza- aprendizaxe: Valorar se este proceso é o adecuado segundo os resultados, para poder modificalo se fora necesario.

O proceso avaliativo terá tres puntos de referencia en cada unha das unidades:

1. **Avaliación inicial** servirá para sondar o nivel escolar (coñecementos previos, expresión oral e escrita...) dos alumnos do grupo. Farase a principios de curso. Mentres que no segundo e terceiro ciclo axudará ao profesor a verificar o rendemento do alumnado e o proceso ensinanza –aprendizaxe para tomar as medidas oportunas se fora necesario (exercicios de reforzo, cambios na metodoloxía)

2. **Avaliación de progreso.** Controlará o rendemento do alumnado e de todas as partes do proceso . Implica un seguimento individual de cada alumno e tamén do grupo. Axudará ao profesor a verificar o rendemento do alumnado para tomar as medidas oportunas se fora necesario (exercicios de reforzo, cambios na metodoloxía)

A súa función consiste en favorecer unha evolución adecuada para a maior parte de alumnado posible.

Os contidos xa aprendidos servirán de base para a adquisición, comprensión e sistematización dos novos, así que é moi importante conseguir os requisitos mínimos en cada ciclo avaliativo.

3. **Avaliación sumativa.** Coa base que proporcionan as outras dúas avaliacións, outorgarase a cada alumno unha cualificación que reflicta o seu grado de coñecemento segundo o nivel esixido para cada un dos ciclos avaliativos. Os criterios da avaliación especifícanse máis adiante na avaliación dos contidos.

9.2. Criterios específicos

Como criterios específicos de avaliación propóñense:

-Grao de coñecemento da gramática italiana e comparación con outras linguas coñecidas, sabendo distinguir o que ten a nova lingua aprendida de común coas outras e o que ten de específico.

-Capacidade de inferir ou deducir á partir da práctica as regras que rexen una correcta expresión e de aplicarlas ás produción orais e escritas.

-Correcta pronunciación e entoación ao ler en alta voz un texto italiano.

-Capacidade de comprensión lectora, de resumir o que se le, de responder a preguntas sobre o lido, de distinguir a idea principal e as secundarias.

-Realización de textos sinxelos claros, precisos e ben estruturados con un dominio suficiente da ortografía e a gramática.

-Capacidade para aprender do error, reflexionando sobre o mesmo, e aplicación consciente da autocorrección.

-Relación do léxico aprendido co léxico xa coñecido.

-Emprego da lingua italiana na clase.

-Capacidade de comprensión e de elaboración de preguntas que deixen clara a asimilación das explicacións escoitadas.

-Traballos de investigación individual utilizando libros, xornais ou internet .

-Participación na clase.

-Recoñecemento dos distintos tipos de palabras.

-Grao de cumprimento das distintas tarefas propostas.

-Valoración da lingua italiana como unha porta de acceso a unha cultura da que se teñen xa algúns coñecementos sociais, xeográficos, artísticos, históricos e literarios.

9.3. Instrumentos de avaliación

A avaliación terá en conta ademais da realización de polo menos unha proba escrita sobre os contidos por cada ciclo avaliativo, as actividades realizadas por cada alumno na clase e na casa, a actitude e o traballo cara a materia e o grao de progreso ao longo do curso, na proporción que se indica no apartado 9.5.

9.4. Procedementos de avaliación

De observación.

-Observación directa de comportamentos: No caderno do profesor tomarase nota dos seguintes conceptos:

1. Atención.
2. Participación.
3. Puntualidade na entrega dos traballos.
4. Interaccións cos compañeiros.
5. Capacidade de traballar en grupo.

-Revisión do traballo de clase, da aula virtual e cadernos (terase en conta a claridade, corrección e correcta presentación dos apuntes; tamén se a totalidade das tarefas propostas en clase están feitas).

De medición.

1. Probas de coñecementos adquiridos.
2. Cuestionarios orais e escritos.
3. Corrección de actividades. Tipos de actividades: Identificar ou subliñar, responder preguntas breves, inferir a pregunta da resposta, transformar, dar sinónimos e contrarios. Completar textos, atopar erros, reordenar frases, contestar con verdadeiro ou falso, reordenar narracións, dar títulos, etc.
4. Traballos escritos específicos individuais e en grupo.
5. Exposicións orais.
6. Ditados.

Terase en conta a claridade, cohesión e coherencia dos textos presentados, a adecuación do rexistro, a corrección gramatical, a riqueza de vocabulario, a estrutura e a pertinencia das ideas.

9.5. Criterios de cualificación

9.5.1. Probas escritas

Serán probas individuais, nas que se comprobarán os coñecementos gramaticais, lexicais e a comprensión lectora. As preguntas serán sempre adecuadas ao nivel e non moi diferentes ás actividades realizadas na aula. A porcentaxe que ocupará a cualificación destas probas dentro da cualificación global de cada ciclo avaliativo non será nunca inferior ao oitenta por cento.

No caso de que se leven a cabo varias probas escritas, ponderarán máis as últimas.

Cualificación da materia:

- a) Un alumno supera a materia cando acredita coñecemento suficiente dos contidos obtendo en cada unha das avaliacións trimestrais unha nota igual ou superior a cinco. A cualificación final será a nota media ponderada das tres avaliacións. Sendo á avaliación continua a ponderación será 20%, 30% e 50% respectivamente.
- b) No caso de que non supere algunha das dúas primeiras avaliacións ou ambas efectuaranse probas de recuperación cun nivel de dificultade igual ao das probas de avaliación trimestral. Volverase a calcular a nota final segundo a ponderación explicada no punto anterior.
- c) Se houbera tempo no mes de xuño, despois do exame de terceira avaliación, poderase realizar un último exame para darlles aínda outra oportunidade aos alumnos que non acaden un resultado igual ou superior a cinco. Neste exame final entrará a totalidade da materia do curso. Caso de non obter unha nota igual ou superior a cinco, o alumno deberá presentarse á proba extraordinaria.
- d) O alumno que sexa sorprendido no acto de copiar non poderá continuar a facer o exame, quedando cualificado cunha nota de 0.

9.5.2. Traballos de clase, traballos escritos, exposicións orais.

Poderanse valorar entre o 10% e o 20%.

Terase en conta positiva ou negativamente para o redondeo da cualificación a actitude e o respecto de cada alumno cara ao resto dos compañeiros, ao profesor e á propia materia, e o seu grao de implicación nas actividades da aula e das que se poidan realizar fóra dela.

9.7. Autoavaliación

O profesor valorará a efectividade dos medios metodolóxicos utilizados e os variará se o crese necesario. Valoraranse, tamén, a maior o menor aceptación dos métodos utilizados por parte do alumnado, tendo en conta a participación, interese e motivación que demostran.

9.8. Avaliación extraordinaria e de pendentos.

A avaliación dos alumnos que non superen a materia mediante os exames ordinarios farase a finais de xuño mediante una proba extraordinaria que avaliará os coñecementos conceptuais e terá un número de preguntas comprendido entre cinco e dez, valoradas segundo a súa entidade e sempre acordadas ás realizadas ao longo do curso.

Para superar a convocatoria extraordinaria o alumno deberá amosar coñecemento global suficiente dos contidos mínimos. A cualificación da proba terá que ser necesariamente igual ou superior a cinco.

Os alumnos pendentos de primeiro que aproben algunha das tres avaliacións quedarán aprobados cunha nota de suficiente, debendo presentarse á proba final se queren subir nota.

En caso contrario (suspense en todas as avaliacións) ou se non cursan a materia en segundo, terán dúas oportunidades para recuperala: ou ben mediante tres exames, que deben ser superados cunha cualificación suficiente, o no caso de que algún ou varios destes non alcancen a cualificación mínima esixible, cunha única proba final que seguirá os criterios da proba extraordinaria de primeiro. Sendo a avaliación continua, na segunda proba entrará a materia de primeira e a segunda e na terceira a totalidade.

9.8. Medidas de reforzo.

Para os alumnos que teñan dificultades coa materia e así llo fagan saber á profesora recoméndase traballo extraordinario na casa con páxinas web que teñan posibilidade de autocorrección, ou se así o demandaran, exercicios suplementarios.

O mesmo material será subministrado, a petición do alumno, aos que deixen a materia para a convocatoria extraordinaria.

Na aula virtual estarán recollidos enlaces e actividades para axudar a consolidar o aprendido.

Informarase no mes de outubro aos alumnos pendentes das datas das probas e da materia que entrará en cada unha delas, e se así o desexan subministrárelles material de reforzo.

Ao final de cada unidade farase unha recapitulación para que os alumnos reflexionen acerca do aprendido, das dificultades de puideron atopar e o dominio real que posúen das estruturas e contidos.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade dentro da aula refírese tanto aos modos de aprendizaxe como ás capacidades do alumnado. Hai que tomar en conta esa heteroxeneidade dos estudantes para desenvolver de forma eficaz as súas capacidades.

Non todo o alumnado aprende do mesmo xeito, os estilos de aprendizaxe dentro dun mesmo grupo son distintos; de aí a importancia de variar tanto o tipo de actividades como as técnicas de ensino utilizadas.

Escoitaranse atentamente as suxestións e indicacións que se fagan desde o departamento de orientación para axudar aos alumnos que teñan detectadas dificultades de aprendizaxe. Con este tipo de alumnado utilizaranse técnicas de reforzo positivo, distribución de material complementario, fomento do traballo en grupo con algún compañeiro que lle poda axudar e na medida do posible atención personalizada.

11. EDUCACIÓN EN VALORES

Os temas transversais deben formar parte da actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. Algúns dos temas previstos:

Hábitos de vida saudables: Aproveitarase a unidade de comida e bebida para recalcar a importancia de una alimentación sa e variada, e da práctica de exercicio físico.

Respecto e tolerancia: Nos debates que xurdan na clase procurarase poñer en práctica o respecto polos demais, seguindo as normas da quenda de palabra e evitando a descualificación dos que non opinan igual.

Educación para a paz, rexeitamento da violencia incluíndo á de xénero: Se participará en cantos recitais literarios organice o Centro con motivo das efemérides. Veranse filmacións en lingua italiana que traten o tema.

Coidado do medio ambiente: Fomentarse o consumo responsable, a reciclaxe e o respecto polo patrimonio artístico e ambiental. Utilizaranse textos axeitados para o comentario.

Educación do consumidor: Vendo anuncios publicitarios reflexionarase sobre os mecanismos empregados para conseguir a venda de produtos, a publicidade enganosa, etc.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

*Unha actividade complementaria específica a realizar neste curso podería ser unha saída con algún estudante Erasmus italiano ou persoa italófona para presentarlle en italiano sitios e monumentos da cidade e responder ás súas preguntas.

*Este curso académico sopesarase a posibilidade de facer unha excursión a Italia.

*Realizaranse, se é posible, actividades en común co profesorado e alumnado de italiano da asociación cultural procedente da EOI de Ferrol, L'Armata Brancaleone .

*Ao longo do curso veranse fragmentos de películas en italiano, escollidas de entre as que seguen:

- Gomorra
- La vita è bella.
- Manuale d'amore.
- La pazza gioia.
- La ragazza del lago.
- Benvenuti al Sud.

*En colaboración con outros departamentos faranse recitais poéticos ou teatrais.

*Veranse na clase pequenas filmacións recollidas nas distintas páxinas Web que se especifican no apartado de emprego das TIC.

*Poderáse facer un concurso de cociña na biblioteca,coa elaboración de sobremesas típicas e un traballo (powerpoint, curta...) sobre o proceso.O concurso e posterior degustación terá lugar o último día antes das vacacións de Nadal. O concurso podería ser tamén, en lugar do de cociña, de Karaoke en distintas linguas.

13. PLAN LECTOR ANUAL

Continuarase practicando a lectura en alta voz.

- Textos literarios: Fragmentos de 1.**Gomorra**, de Roberto Saviano.
- 2.**Oceano mare** de Alessandro Baricco.
- 3.Contos seleccionados de Dino Buzzati.
- 4.**Cuore** de Edmondo D'Amicis.
- 5.Poemas de varios autores

-Linguaxe xornalístico. Utilizaranse textos seleccionados dos xornais “La repubblica” e “Il messaggero”.

Tamén o xornal on-line “due parole”: <http://www.dueparole.it/>

-O italiano da canción lírica: Unidade didáctica sobre Pavarotti y Turandot, con audición da aria “Nessun dorma”.

-Linguaxe burocrático: Lectura de currículos, enquisas, cartas comerciais...

-Linguaxe do conto e da fábula. Lectura de algún fragmento de conto clásico: *Pinocchio* de Carlo Collodi, e contos enteiros breves, como *La principessa e il pisello* de Ándersen.

Os alumnos acudirán á biblioteca a facer algún pequeno traballo de investigación e a escoller algunha lectura sinxela para facer algún traballo sobre ela.

14. EMPREGO DAS TIC

O libro de texto ten exercicios e test complementarios dispoñibles neste enlace:

<https://www.cdl-edizioni.com/attivita/a2/>

Outras páxinas web utilizadas:

<https://kahoot.it/>

<http://www.impariamoitaliano.com/>

http://sprachen.kanti-chur.ch/hp/data/index_ital.htm

<http://www.loescher.it/studiareitaliano/didattico.aspx>

http://www.scudit.net/mdindice1_40.htm

<http://www.zanichellibenvenuti.it/>

<http://www.lyricstraining.com/>

<http://www.ioparloitaliano.com/>

15. INDICADORES DE LOGRO E AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación da práctica docente debe enfocarse polo menos con relación a:

1. Programación. 2. Motivación 3. Desenvolvemento. 4. Avaliación.

PROGRAMACIÓN		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación (de 1 a 10)	Observacións
Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que concretan os criterios de avaliación		

A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada.		
A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible.		
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso do alumnado.		
A programación realizouse en coordinación co resto do profesorado.		

MOTIVACIÓN		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación (de 1 a 10)	
Relacionaronse os aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
Relacionaronse os contidos e as actividades cos intereses do alumnado		
Estimulouse a participación activa dos estudantes.		
Promoveuse a reflexión sobre os temas tratados.		

DESENVOLVEMENTO		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación (de 1 a 10)	Observacións
Antes de iniciar unha actividade, fíxose unha introdución sobre o tema para motivar aos alumnos e saber os seus coñecementos previos.		
Antes de iniciar unha actividade, expúxose e xustificouse o plan de traballo (importancia, utilidade, etc.), e os alumnos foron informados sobre os criterios de avaliación.		
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses dos alumnos, e construíronse sobre os seus coñecementos previos.		
Ofreceuse aos alumnos un mapa conceptual do tema, para que sempre estean orientados no proceso de aprendizaxe.		
As actividades propostas foron variadas na súa tipoloxía e tipo de agrupamento, e favoreceron a adquisición das competencias clave.		
A distribución do tempo na aula é adecuada.		

Utilizáronse recursos variados (audiovisuais, informá-ticos, etc.).		
Facilitáronse estratexias para comprobar que os alumnos entenden e que, no seu caso, saiban pedir aclaracións.		
Facilitáronse aos alumnos estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, como buscar información, como redactar e organizar un traballo, etc.		
Favoreceuse a elaboración conxunta de normas de funcionamento na aula.		

▪ DESENVOLVEMENTO		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación (de 1 a 10)	Observacións
As actividades de grupo foron suficientes e significativas.		
O ambiente da clase foi adecuado e produtivo.		
Proporcionouse ao alumno información sobre o seu progreso.		
Proporcionáronse actividades alternativas cando o obxectivo non se alcanzou en primeira instancia.		

▪ AVALIACIÓN		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación (de 1 a 10)	Observacións
Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.		
Utilizáronse de xeito sistemático distintos procedementos e instrumentos de avaliación, que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.		

Os alumnos dispuxeron de ferramentas de autocorrección, autoavaliación e coavaliación.		
Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materia, a alumnos con algunha avaliación suspensa, ou coa materia pendente do curso anterior, ou na avaliación final ordinaria.		
Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.		
Os pais foron adecuadamente informados sobre o proceso de avaliación: criterios de cualificación e promoción, etc.		

Ferrol, 1 de outubro de 2021

Asdo. Ana I. Vizoso Benavente
Xefa do Departamento